

**ACTA DA REUNIÓN EXTRAORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE
DA ESCOLA INTERNACIONAL DE DOUTORAMENTO**

Lugar: Sala de Xuntas de Posgrao e Sala virtual nº 14 da EIDO no Campus Remoto

Data: 12 de XUÑO de 2024

Hora de comezo: 13:00 h

Hora de remate: 14:25 h

ASISTENTES

Antonio Collazo Fernández (director da Eido), presidente

Ignacio Pérez Juste (subdirector da Eido), secretario

Antonia Blanco Pesqueira (responsable de calidade dos PD do ámbito Humanístico)

María Asunción Longo González (responsable de calidade dos PD do ámbito Enxeñaría e Arquitectura)

Paloma Morán Martínez (responsable de calidade dos PD do ámbito Campus Mar)

José Miguel Dorribo Rivera (técnico superior de calidade da Área de Calidade)

José Luis Gómez Reboiro (xefe do Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao)

Excusas:

Pedro Pablo Gallego Veigas (responsable de calidade dos PD do ámbito Científico)

ORDE DO DÍA

1. Análise e validación, se procede, das memorias de verificación e modificación de Programas de Doutoramento da Universidade de Vigo

DELIBERACIÓNS

- 1. Análise e validación, se procede, das memorias de verificación e modificación de Programas de Doutoramento da Universidade de Vigo**

Tras facer un repaso dos procedemento e os prazos para a elaboración das memorias de verificación e modificación de programas de doutoramento, o subdirector da EIDO informa que o PD en Endocrinoloxía (responsabilidade da USC) e o PD en Creación e Investigación en Arte Contemporánea, que tiñan presentado declaracións de interese para a modificacións das súas memorias, retiran as súas solicitudes e retrasan as modificacións para vindeiros cursos.

Analizouse a memoria presentada polo PD en Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física Saudable, responsabilidade da Universidade da Coruña e o subdirector da EIDO indicou que nesta memoria xa inclúe as recomendacións técnicas feitas dende a EIDO, Posgrado e a área de Calidade. A Comisión de Calidade validou, por asentimento, a memoria presentada para a súa modificación.

Analizouse a memoria de verificación para o novo PD en Investigación Sanitaria e o subdirector da EIDO tamén indicou que a memoria inclúe as recomendacións técnicas feitas dende a EIDO, Posgrado e a área de Calidade, aínda que quedan algúns detalles formais menores por resolver. Abriuse un debate no que as profesoras Paloma Morán, Antonia Blanco e Asunción Longo puxeron de manifesto a conveniencia dun PD deste ámbito na universidade e sinalaron algúns aspectos que conviña mellorar na proposta como incrementar a participación de médicos no mesmo, aclarar o perfil de acceso esperado e as condicións de admisión e pulir a redacción das competencias do programa. O coordinador de calidade comprometeuse a transmitir estas indicacións á comisión redactora da memoria para a súa inclusión antes da aprobación definitiva polo Consello de Goberno. A Comisión de Calidade validou, por asentimento, a memoria presentada para a verificación deste novo PD.

ACORDOS DA COMISIÓN DE CALIDADE DA EIDO – 12/06/2024

1. Validación da memoria de modificación do Programa de Doutoramento en Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física Saudable.
2. Validación da memoria de verificación do Programa de Doutoramento en Investigación Sanitaria.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto esta acta como secretario.

O secretario,

Visto e prace
O presidente